



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA RELATIVA AO PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

1. Antecedentes

O Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Pontevedra iníciase coa proposta exposta polo Concello de Pontevedra á Xunta de Galicia en relación ao contrato de concesión XG628- Metropolitano de Pontevedra, que inclúe catro liñas coas claves XG62808, XG62822, XG62823 e XG62828, que teñen un carácter plenamente urbano, e que xa está en explotación.

2. Obxecto

O presente convenio será formalizado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, ten como obxecto a implantación dun servizo de interese municipal (SIMU) no Concello de Pontevedra coas características recollidas no Anexo I deste Convenio e que será financiado integramente polo Concello de Pontevedra, de acordo coas condicións de déficit que figuran nos seus anexos.

3. Finalidade e xustificación

O convenio ten por finalidade a actualización dos servizos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada dentro do Concello de Pontevedra, para acadar unha mellor adaptación ás necesidades actuais e ás previsións de evolución da cidade de Pontevedra. As partes asinantes concordan que as liñas referenciadas quedaron subsumidas na realidade urbana, polo que se pacta a súa reformulación, para adaptalas ás necesidades da veciñanza.

Prevese así a substitución temporal das catro liñas actuais do contrato XG628 polos novos servizos, segundo o anexo I, que se prestarán consonte aos seguintes esquemas de explotación;

- Liñas 40 e 41: Monteporreiro - Xunqueira - Estación de Autobús/Estación de Ferrocarril.
- Liña 42 e 43: Monteporreiro - Montecelo - Praza de Galicia.

4. Aspectos económicos

A Xunta de Galicia non asumirá ningún custo económico derivado da aplicación deste convenio. A implantación efectiva das melloras que se prevén no convenio requirirá dunha tramitación administrativa de modificación do contrato de concesión, modificación que trae causa, precisamente, do propio convenio.





A implantación efectiva do novo servizo efectuarase así consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación mediante a formalización da modificación das condicións de explotación dun dos contratos de concesión de servizo público de transporte regular de uso xeral con tráfico afectados polo novo servizo. Deste xeito, a modificación dos servizos previstos neste convenio e que afectan á concesión XG628 requirirá a previa modificación do contrato de concesión no que se fixarán as obrigas de servizo público.

Débese ter en conta que o Concello de Pontevedra asumirá os custos económicos derivados do contrato co contratista afectado, asume así as compensacións do servizo concesional preexistentes respecto dos tráfico afectados, segundo o Anexo I deste Convenio.

A totalidade das achegas que corresponde efectuar ao Concello de Pontevedra con base no previsto neste Convenio estímase na contía de 146.273,97 € ao ano, cuxo importe se xustifica no Anexo II. O Concello de Pontevedra comprométese a efectuar a transferencia da primeira das achegas correspondentes á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no prazo dun mes dende a data na que a Dirección Xeral de Mobilidade lle comunique a previsión de posta en funcionamento dos servizos establecidos no anexo I, logo da tramitación do expediente de modificación do contrato de concesión, e o cálculo do importe que resultará de aplicación por tal concepto no exercicio contable correspondente

As achegas seguintes realizaranse no mes de xaneiro de cada ano, polo importe correspondente á achega anual.

5. Duración

Este Convenio producirá efectos dende o mesmo día da súa sinatura, aínda que despregará eficacia o día en que comecen a prestarse os servizos indicados no Anexo I, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024. Este Convenio poderá ser obxecto de prórroga expresa por ata catro anos máis, previo acordo entre ámbalas dúas partes asinantes

Esta operativa é similar ás liñas SIMU xa existentes nos Concellos de Cambre, Culleredo, Oleiros, Arteixo e Teo.

A xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte
Marta Figueiras García

O director xeral de Mobilidade
Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

